



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 813
dx.politicasculturais@xunta.gal

galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA
XUNTA DE GALICIA E A SANTA APOSTÓLICA E METROPOLITANA IGLESIA CATEDRAL DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA A SELECCIÓN E REPRODUCCIÓN DE DOCUMENTOS
QUE SE CUSTODIAN NO ARQUIVO DE GALICIA.**

En Santiago de Compostela, a 1 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, nomeado polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro, no uso das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo, logo da súa creación mediante o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

Doutra parte, don Daniel Lorenzo Santos, intervéñ na súa condición de apoderado xeral da SAMI Catedral Santiago de Compostela (en diante, Catedral de Santiago de Compostela), con número de C.I. F. R-1500415-C, e domicilio social en Santiago de Compostela, Rúa do Vilar 1, según nomeamento efectuado en escritura pública de 27 de abril de 2015 con número de protocolo 417, outorgada diante do notario, don Manuel Fidalgo Paz.

EXPOÑEN

Primeiro.

Os arquivos constitúen, en calquera sociedade democrática, un dos seus servizos máis relevantes, en canto instrumentos que permiten a conservación, a protección e a difusión dos documentos que integran o patrimonio documental de calquera pobo, patrimonio documental que vén satisfacer previsións constitucionais relacionadas coa liberdade de información, o acceso á cultura, a promoción da investigación científica ou a eficacia administrativa, entre outras.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 813
dx.politicasculturais@xunta.gal

galicia

Por outra banda, a Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, integra no concepto de "patrimonio cultural" tamén o patrimonio documental e bibliográfico definido no seu artigo 109, polo seu papel no desenvolvemento e fundamento da identidade cultural de Galicia.

Neste marco, correspóndelle ás administracións públicas, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, promover o enriquecemento, conservación e difusión do patrimonio documental, sen prexuízo da colaboración doutras entidades públicas ou persoas físicas e xurídicas privadas, posuidoras do devandito patrimonio, con fins de investigación e promoción cultural.

En tal senso e, en aplicación da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, as administracións públicas deberán actuar conforme aos principios de lealdade institucional, coordinación e colaboración.

Xa que logo, da lexislación vixente infírese a existencia de formalizar convenios de colaboración en desenvolvemento da función pública de difusión, conservación e defensa da integridade do patrimonio bibliográfico e documental, para unha adecuada difusión da procedencia dos fondos orixinais ou dos centros que os custodian e para, no seu caso, salvagarda dos dereitos de propiedade intelectual, sen prexuízo do destino ou función cultural do devandito patrimonio.

Segundo.

A Consellería de Cultura e Turismo, dentro do seu ámbito de competencias, amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural e, de xeito particular, o patrimonio documental.

Para estes efectos, conta co Arquivo de Galicia, centro de titularidade e xestión autonómica, ubicado na Cidade da Cultura. Trátase dun arquivo de referencia para o estudo das obras de conservación e restauración dos bens inmoables do patrimonio histórico galego, entre os que se atopa a Catedral de Santiago de Compostela xa que custodia, entre outros documentos, expedientes tramitados para a realización de traballos de intervención nestes bens. Os que afectan á Catedral de Santiago de Compostela resultan do máximo interese para coñecer moitas das intervencións nela realizadas e, dende esta perspectiva, o seu valor é innegable.



Xacobeo 2021



Terceiro.

A Catedral de Santiago, a través da oficina técnica Casa da Fábrica, manifesta a súa vontade de realizar unha investigación sobre as intervencións que tiveron lugar na catedral ao longo da súa historia. Un apartado fundamental neste capítulo son as que se desenvolveron desde finais do século XIX ata a actualidade. Para facilitar este traballo solicítase a reprodución dalgúns documentos conservados no Arquivo de Galicia que son de máximo interese para o citado proxecto.

En virtude de todo o exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración, que están interesadas en establecer de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre ambas as partes para a selección e reprodución dixital daqueles expedientes e documentos, relativos á Catedral de Santiago de Compostela, que sexan necesarios para a realización dos estudos e análises precisos para o desenvolvemento dos proxectos de investigación que vén levando a cabo a oficina técnica "a Casa da Fábrica", dependente da Catedral de Santiago de Compostela.

A selección dos documentos obxecto da dixitalización realizarase de común acordo por ambas as dúas partes.

Segunda. Condicións da reprodución

1.- A selección dos documentos será realizada na sala de consulta do Arquivo de Galicia, mediante persoal debidamente autorizado por ambas partes, dentro do horario de funcionamento do arquivo e conforme ás instrucións determinadas para a manipulación de documentos.

2.- Os traballos de reprodución dixital realizaranse por persoal da Catedral de Santiago de Compostela, debidamente autorizado, na sede do Arquivo de Galicia, e correrán por conta da Catedral, sen que supoñan gasto adicional ningún para a consellería, nen sexa preciso habilitar unha partida orzamentaria específica no caso da Catedral de Santiago de Compostela.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 813
dx.políticasculturais@xunta.gal

galicia

3.- A reprodución aterase á normativa técnica e demais recomendacións aplicables nos arquivos adscritos á Xunta de Galicia a cuxo efecto, a Subdirección Xeral de Arquivos e Museos da Dirección Xeral de Políticas Culturais, facilitará a información necesaria á Catedral de Santiago de Compostela.

4.- A copia dixital master, en cor en formato TIFF 6.0 (400 píxeles de resolución sen perda de información), así como unha copia en cor en formato JPG 2000 (200 píxeles de resolución, con perda de información) será entregada en discos duros externos ao Arquivo de Galicia, para a súa conservación e difusión, sen prexuízo de que se facilite o acceso ás mesmas á Catedral de Santiago de Compostela, logo de solicitude, sempre que esta o precise.

5.- O master da reprodución quedará sempre en posesión da Xunta de Galicia, con cesión plena e total á mesma, sen limitacións de lugar e tempo, dos dereitos que puidesen corresponder.

6.- A Catedral de Santiago de Compostela quedará en posesión dunha copia das imaxes dixitalizadas en formato JPG 2000 (200 píxeles de resolución, con perda de información), para os fins indicados na cláusula seguinte.

Terceira. Finalidade da reprodución

1.- Os documentos dixitalizados poderán ser consultados, exclusivamente con fins de investigación e estudo, na Catedral de Santiago de Compostela, que poderá poñelos a disposición dos arquitectos e/ou investigadores que vaian desenvolver algún proxecto na Catedral.

2.- A Xunta de Galicia, co fin de promover o coñecemento internacional dos fondos do Arquivo de Galicia, autoriza á Catedral de Santiago de Compostela a presentar na súa páxina web os catálogos e índices analíticos dos documentos dixitalizados que o seu persoal realice, así como as imaxes dixitalizadas.

3.- Non formarán parte do obxecto deste convenio os documentos que poidan estar protexidos por dereitos de autor, agás que se conte coa autorización expresa dos titulares de tales dereitos.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 813
dx.politicasculturais@xunta.gal

galicia

4.- De acordo coa normativa vixente, a difusión de datos de persoas que puidesen estar vivas, ben en publicacións, ben a través de Internet, ou nos traballos de descrición citados na cláusula anterior, requirirá o consentimento expreso dos afectados, de conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

5.- Así mesmo, autorízase á Catedral de Santiago de Compostela a incorporar á súa páxina web información relativa ao Arquivo de Galicia, co fin de que os usuarios poidan contactar co arquivo depositario dos documentos orixinais.



Cuarta. Difusión da procedencia dos documentos


A oficina técnica "A Casa da Fábrica" e a Catedral de Santiago de Compostela comprométense a citar a procedencia de cada un dos documentos reproducidos da seguinte forma: Arquivo de Galicia e a signatura correspondente a cada documento.

Quinta. Financiamento

Este convenio non xerará gasto adicional ningún para a Consellería de Cultura e Turismo. Calquera gasto que poida derivarse da execución do mesmo será asumido pola Catedral de Santiago de Compostela, de acordo coas normas e procedementos establecidos.

Sexta. Comisión de seguimento

Para o seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio, establecerase unha comisión de seguimento, composta por unha persoa designada en representación do Arquivo de Galicia e outra designada en representación da Catedral de Santiago de Compostela. A súa constitución quedará reflectida na correspondente acta.



A comisión de seguimento, que se reunirá coa periodicidade que acorden as partes asinantes, terá por finalidade resolver os problemas de interpretación e cumprimento do convenio e coordinar a planificación, metodoloxía, seguimento e avaliación das accións derivadas daquel.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO**

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 813
dx.politicasculturais@xunta.gal

galicia

Así mesmo, deberá elaborar un informe final sobre o desenvolvemento e cumprimento dos obxectivos establecidos.

Sétima. Vixencia do convenio

1. Este convenio estará vixente durante o prazo de dous anos a contar desde a data da súa sinatura, sen prexuízo da posibilidade de prórroga para o completo desenvolvemento dos seus fins, se fora preciso, nos termos e tendo en conta os límites regulados respecto da duración dos convenios, polo artigo 49, h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. A reprodución dos documentos obxecto deste convenio poderá iniciarse a partir da sinatura deste.

Oitava. Causas de resolución

Constitúen causas de resolución deste convenio:

1. O cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto.
2. O transcurso do prazo de vixencia sen terse acordado a prórroga do convenio.
3. O incumprimento das obrigas asumidas por cada unha das partes.
4. Calesquera outra causa das reguladas polo artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Novena. Publicidade

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Xacobeo 2021



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
CULTURA E TURISMO

Edificio Administrativo San Caetano, Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 544 813
dx.politicasculturais@xunta.gal

galicia

Décima.-Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo primeira. Réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solventadas en vía administrativa, será resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por duplicado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura e Turismo



Román Rodríguez González

O apoderado xeral da SAMI Catedral Santiago de Compostela

Daniel Lorenzo Santos



Xacobeo 2021